

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS DISTINTAS PROBAS.

DATA PUBLICACIÓN: [12/06/2023]

A cualificación total destas probas farase ponderando da seguinte maneira:

Parte A 50 %

Parte B 50 %

## PARTE A. DESENVOLVEMENTO DO TEMA ESCRITO.

Cualificación: de 0 a 10 puntos

### 1. COÑECEMENTO CIENTÍFICO PROFUNDO E ACTUALIZADO DO TEMA

Dominio dos contidos do tema que se presenta.

Emprega os conceptos, a terminoloxía e a linguaxe técnica de xeito rigoroso, preciso e actualizado.

Contribúe con citas bibliográficas actualizadas.

Ilustra os contidos con exemplos, esquemas, táboas, gráficos ou similares.

Argumenta os contidos con espírito crítico.

### 2. ESTRUTURA DO TEMA, DESENVOLVEMENTO COMPLETO E ORIXINALIDADE NO ENFOQUE

O tema presenta unha estrutura coherente e ordenada:

- (1) Índice (adequado ao título do tema e ben estruturado e secuenciado),
- (2) Introducción (xustificación, enfoque e relevancia do tema),
- (3) Desenvolvemento dos apartados mencionados no índice,
- (4) Conclusión (síntese, onde se relacionan todos os apartados do tema) e
- (5) Bibliografía (citas actualizadas e fidedignas).

O tema axústase ao temario publicado no anexo III da Orde de 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE núm. 226, de 21 de setembro) e o peche é coherente co seu desenvolvemento.

### 3. EXPOSICIÓN DO TEMA

A lectura é fluída e áxil como resultado dunha expresión escrita correcta.

Non hai contradicións na expresión que evidencien unha lectura non literal do tema.

Exprésase de forma espontánea con gran fluidez e un pleno dominio da semántica, fonoloxía, léxico e gramática da lingua francesa.

Exprésase de xeito natural, adecuado á situación comunicativa: a entoación empregada expresa matices de significado e axuda á comprensión da mensaxe. A pronunciación é clara e sen erros.

#### 4. PRESENTACIÓN ESCRITA DO TEMA

Limpeza e claridade na redacción.

Corrección léxica, ortográfica, gramatical, semántica, sintáctica e lingüística.

1. O texto é coherente e cohesivo empregando apropiadamente unha variedade de estruturas organizativas e unha ampla serie de mecanismos de cohesión.

2. A produción está libre de erros de ortografía.

3. O texto é claro e fluído nun estilo apropiado á tarefa.

4. Presenta argumentos cunha estrutura lóxica e eficaz que axuda ao oínte a fixarse nas ideas importante e a lembralas.

5. Úsanse eficientemente formas lingüísticas empregadas para transmitir con precisión matices de sentido, acentuación, diferenciación e eliminación da ambigüidade.

6. Bo dominio das expresións idiomáticas.

7. Presentación clara, limpa e sen erros.

A lectura dos exercicios debe corresponderse exactamente co que está escrito. A modificación durante a lectura de calquera parte do texto escrito pola persoa candidata suporá a invalidación da proba.

#### PARTE B. DESENVOLVEMENTO DA UNIDADE DIDÁCTICA

A cualificación total será de 0 a 10 puntos.

Ver a rúbrica da segunda proba da fase oposición B (unidade didáctica) no anexo VII da orde do 5 de decembro de 2022.